

ITINERARIOS

Recomendámosche os seguintes itinerarios que poderás gozar os 365 días do ano. Ondas, cultura e ocio para todo tipo de surfistas nun marco natural excepcional.

¿ESTABAS PROCURANDO NOVAS E INTENSAS EXPERIENCIAS?

GALICIA SURF ESCAPE 3 DÍAS

As Rías Baixas son o lugar perfecto para un *surf trip* pola costa galega entre outono e primavera. En tan só 3 días poderás visitar unha gran variedade de praias. Nesta escapada gozarás dun clima agradable, dunha gastronomía baseada no produto das rías, de viños de recoñecemento internacional e de dúas cidades diferentes e complementarias como Vigo e Pontevedra.

NON PODES PERDER:

Cidades de Vigo e Pontevedra

A vida nas Rías Baixas ten como referencia estas dúas cidades de obrigada visita se estás en Galicia. A súa proximidade fai que se complementen á perfección. Vigo é unha cidade cosmopolita, aberta ao mar e cunha rica oferta de actividades alternativas. Encantaráche perderte por Pontevedra e o seu centro histórico cheo de vida, tal e como facían as figuras ilustres nos antigos e famosos faladoiros da capital provincial.



Castro de Santa Trega

O concello da Guarda acolle un dos maiores poboados castrexos do noroeste peninsular que te trasladará directamente ao século I a.C. Un escenario mitolóxico desde o cal poderás divisar a icónica desembocadura do río Miño, definindo a fronteira co país veciño, Portugal. Vivendas ovaladas e petroglifos, ademais de cerámica, xoias, tecidos e instrumentos pódense ver no recinto e no museo arqueolóxico da vila.

Illas Cíes

O arquipélago das Cíes forma parte do Parque Nacional Illas Atlánticas: praias paradisíacas e augas cristalinas, nun marco natural que o converte en un observatorio de fauna e flora único. É un lugar ideal para o senderismo e para a procura de praias virxes e tranquilas, onde destaca a Praia de Rodas, escollida como a mellor praia do mundo polo diario británico The Guardian.

GALICIA SURFTRIP 7 DÍAS

A zona denominada Costa das Ondas, que abrangue as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, está formada por 12 praias únicas que garanten 365 días de surf ao ano. Ademais, ao ser o fogar do Océano Surf Museo, primeiro museo en España dedicado ao surf, esta costa, que comeza desde o norte na praia O Barqueiro e remata en Doniños, é garantía de bo surf, pois ten a maior constancia de ondas de Europa. Precisarás unha semana de surf intenso para percorrer todas as súas ondas, sendo ademais un lugar idóneo para descubrir novos spots ocultos que non aparecen nos mapas. Posibilidade de voar aos aeroportos de Santiago de Compostela e A Coruña.

NON PODES PERDER:

Ferrol da Ilustración e a súa ruta de turismo industrial

Esta cidade acolle o único porto militar da ilustración intacto en Europa e a maior base naval da época. Poderás visitar os seus dous museos cheos de segredos e misterio. Non esquezas traer a túa identificación persoal para poder entrar.



Serra Capelada

Contorna natural que conta cos acantilados máis altos da Europa continental. É obrigado subir ata o miradoiro de Vixia Herbeira para contemplar esta costa salvaxe e o extraordinario destes acantilados, pois á súa elevada altitude engádeslle unha pendente de máis dun 80%. Unha vez allí, pódese visitar a aldea de Santo André de Teixido, onde "vai de morto quen non foi de vivo", sen dúbida, un dos lugares de peregrinación máis pintorescos e máxicos de Galicia.

O Camiño dos faros

As luces dos faros guiarante por esta costa, levándote aos acantilados máis espectaculares. Nos arredores dos 6 faros desta ruta encontrarás tamén miradoiros que son de visita obrigada se che apaixona a fotografía.

GALICIA SURFARI 15 DÍAS

Se dispós de tempo para coñecer Galicia en profundidade, a costa galega preséntase como un destino perfecto para gozar do teu deporte favorito. Unha ampla oferta de praia que non poderás gozar en menos de 15 días. Dependendo das condicións e da época do ano, encontrarás todo tipo de ondas soñadas. Ondas de praia, picos de rocha, praias urbanas ou praias desertas para unha viaxe que se axusta a calquera surfista con independencia do seu nivel ou procura.

O máis común é comezar este surfari de norte a sur, entrando pola Mariña Lucense, desde Ribadeo ata Viveiro. Continúa pola Costa das Ondas, que destaca pola contorna natural dos seus spots e as súas múltiples ondas. Poderás facer unha parada na cosmopolita cidade da Coruña para visitar unha das únicas praias de surf urbanas do territorio, Orzán. Así poderás proseguir coa túa viaxe ata a Costa da Morte, que debe o seu nome ás traxedias marítimas que esta costa ten sufrido, e mergullarte na cultura do surf que inunda a praia de Razo. Recomendámosche continuar a ruta cara á Ría da Estrela ou Arousa Norte, onde destacan os areais dos concellos de Noia e Ribeira. E se aínda non interrompiches a túa viaxe porque te namoraches dalgunha das vilas que encontraches no camiño, chegarás ás Rías Baixas para visitar a famosa praia de Patos.

Tamén poderás facer esta ruta de sur a norte, entrando por Tui e facendo paradas nos diferentes spots dos concellos de Santa María de Oia, Baiona, Nigrán, Sanxenxo, Porto do Son, Muxía, Laxe, ata pasar por Carballo, Valdiviño, Burela e Foz.

Posibilidade de voar aos aeroportos de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

NON PODES PERDER:

A muralla de Lugo

A muralla romana de Lugo rodea o centro histórico da cidade que leva o seu nome. Declarada Patrimonio da Humanidade, é a única muralla que se conserva enteira. Foi construída hai máis de 17 séculos seguindo as directrices das elegantes obras de Vitruvio. Percorre polo alto os seus máis de 2 quilómetros para sentir de preto o poder da Roma Imperial e gozar das mellores vistas, mais non esquezas atravesar a cidade por unha das súas 10 portas e degustar as mellores tapas.


A Torre de Hércules

A Torre de Hércules é o símbolo máis recoñecible da cosmopolita cidade da Coruña. Un precioso paseo pola ribeira do mar desta cidade lévate ao faro romano máis antigo do mundo, o único que se conservava en servizo e que foi declarado Patrimonio da Humanidade. Non esquezas pasear polos centóns e deixarte hipnotizar divisoando as galerías de cristal modernistas que viron nacer unha das marcas de moda máis coñecidas do mundo. Zara.



Santiago de Compostela

A capital administrativa e cultural de Galicia abre o seu amplo centro histórico de alto valor arquitectónico para acoller a miles de persoas que rematan o Camiño de Santiago. É incuestionable que o seu maior atractivo é a catedral, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, mais, será o balbordo das súas rúas impregnadas en cultura universitaria o que te encandeará.



PICO DE PATOS 3 DÍAS



A Praia de Patos sitúase a escasos quilómetros da cidade de Vigo. Esta circunstancia fai que sexa unha das praias máis concorridas da comunidade e é tamén unha das máis fermosas, pois ofrece unhas magníficas vistas das Illas Cíes, incluídas no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

No seu extremo máis occidental encóntrase o Pico de Patos, a onda máis famosa do sur de Galicia. Sobre fondo de rocha rompe unha onda de dereita e esquerda cun rápido *take-off* e primeira sección de tubo. Á súa esquerda aparece outra onda denominada A Esquerda de Monterfero, que aguenta grandes mareiras. Dado que pertence a un núcleo semi-urbano, presenta servizos como escolas, clubs e tendas de surf, así como unha ampla oferta gastronómica e de ocio.



MONTALVO 3 DÍAS



Un areal dun quilómetro de longo nun entorno rural pertencente ao concello de Sanxenxo. É a mellor rompente sobre área da provincia de Pontevedra, que se caracteriza por picos variables, destacando unha esquerda na parte sur da praia e unha dereita na zona norte da mesma cando o mar é forte. Precisa de mar de fondo para romper e ofrece grandes tubos cando hai condicións óptimas.

Unha praia de area branca e fina con dunas na faldra do piñeiral que a delimita e que fan dela unha das xoias das Rías Baixas e unha das preferidas para o turismo de verán na zona.



RÍO SIEIRA 3 DÍAS



O espectacular piñeiral de A Coviña recolle a famosa praia de Río Sieira, unha das máis frecuentadas polos surfistas procedentes de Santiago de Compostela.

Ofrece picos variables sobre linguas de area perfectos para o surf de manobras, coa constancia como un dos elementos a destacar, xa que funciona en calquera momento do ano con escaso mar de fondo.

A súa zona habilitada con mesas para comer é o punto de encontro dos surfistas locais e de todas aquelas persoas que procuran pasar uns intres agradables nun entorno natural.



NEMIÑA 3 DÍAS



Esta ampla e virxe praia esténdese ata a Praia de Lires, onde unha esquerda na desembocadura do río Castro e unha onda sobre area son as mellores rompentes de toda a zona de Muxía nun entorno único. Un dos lugares de referencia do surf galego nos últimos anos con divertidas ondas de area para todos os niveis.

A pesar de ser unha praia totalmente illada de grandes urbes, ofrece unha gran oferta de hostais, pensións, turismo rural e restaurantes de gastronomía local a escasos 500 metros.



SOESTO 3 DÍAS



Situada cerca de Laxe e en dirección cara a Camariñas, encóntrase Soesto, unha praia de area branca e fina moi exposta a todas as mareiras. Un dos lugares preferidos para pasar a fin de semana sendo unha das praias máis constantes e que menos ondata precisa para funcionar.

Para o acceso existen pasarelas, evitando así danar as súas fermosas dunas. Conta tamén cunha extensa zona habilitada para acampar auto caravanas e furgonetas, converténdose nun lugar de culto de verán para os surfistas máis místicos.



MALPICA 3 DÍAS



Malpica de Bergantiños é unha clásica vila mariñeira galega e un lugar de visita obrigada en calquera surfari pola costa coruñesa.

A praia de Areamaíor ofrece ondas a media marea, destacando un pico de esquerda de corrente e unha dereita que se abre ata o centro do areal. Ofrece unha excelente calidade da auga e moitas alternativas de ocio con multitude de bares no seu paseo.



RAZO 3 DÍAS



O icónico areal de Razo marca o comezo da Costa da Morte formando parte do espazo natural protexido de Razo-Baldaio, de case cinco quilómetros de extensión e gran diversidade xeográfica.

Ofrece ondas durante todos os meses do ano e no verán convértese na capital nacional dos *surf camps* que se expanden desde Baldaio ata pasado o penedo de Teirón. Unha praia de area doucada con boas instalacións, ampla zona de aparcamento, zona de bares e moi bo ambiente.

As variables rompentes sobre area por toda a praia que funcionan en todas as condicións e mareas fan da Praia de Razo un dos lugares imprescindibles para os amantes do surf.



CAIÓN 3 DÍAS



Situada no concello da Laracha, Caión é un lugar de referencia para os surfistas da cidade da Coruña e é unha das principais alternativas para o surf no verán.

Ondas de area que funcionan con diferentes orientacións de vento, mellor con marea media ou alta. O máis frecuente son dous picos distintos, un no medio con ondas de dereita e esquerda para manobras e unha dereita protexida do vento polo porto ao fondo da praia.

Ademais do surf, presenta unha ampla oferta gastronómica local e un porto con gran vida mariñeira.



ORZÁN 3 DÍAS



É a praia da cidade da Coruña, e xunto co seu famoso pico de dereita Matadeiro, é un dos referentes do surf de inverno no norte de Galicia. Ondas de area e un monumento aos surfistas sitúana como un dos escenarios icónicos de Galicia.

Funciona durante todo o ano e é moi accesible, polo que adoita haber gran número de surfistas, xa que se encontra no núcleo urbano máis importante do norte de Galicia.

Unha praia imprescindible con varias zonas diferentes para a práctica do surf, cuxa calidade depende moito dos fondos, as correntes e as mareas, mais sempre ofrece algún punto de interese.



ONDALONGA 3 DÍAS



Ponte Pedrido, ou tamén coñecida internacionalmente como Ondalonga, é unha onda na saída da ría de Betanzos que destaca por ser a onda máis longa de España, chegando a ofrecer case un quilómetro de distancia para surfear.

É unha das opcións que ofrecen as rías galegas cando as mareiras son moi fortes e hai que buscar ondas de refuxio afastadas dos picos habituais de surf.

Anualmente celébrase o festival de Longboard que leva o seu nome e que xa é todo un acontecemento no calendario do surf galego.



DONIÑOS 3 DÍAS



Esta praia de case dous quilómetros de extensión é a máis chegada á cidade de Ferrol, o cal a converte nun lugar de referencia para os surfistas desa localidade e de toda a Costa das Ondas. A súa doada accesibilidade, o seu enorme aparcamento, así como a súa alta calidade de ondas, achega todas as calidades necesarias para a práctica do surf.

Dereitas e esquerdas variables sobre fondo de area que son perfectas para o surf de manobras en ondas de praia.



CAMPELO 3 DÍAS



A praia de Campelo está nunha das contornas máis fermosas de Europa, o cal fai deste acantilado un dos lugares con máis encanto para a práctica do surf en España.

Rápidas e ocas ondas de esquerda e dereita sobre augas cristalinas onde se diferencian dous picos, un no lado dereito da praia e outro no medio. A escasa necesidade de ondata para que funcione fai desta cala un dos lugares favoritos para o surf de verán e unha das xoias da Costa das Ondas.



PANTÍN 3 DÍAS



É a praia máis popular de Galicia debido á celebración do campionato máis antigo e de maior nivel profesional que se celebra en España.

Situada en Valdoviño, no areal destaca a famosa onda de dereita e esquerda na marxe dereita da praia, aínda que tamén ofrece ondas ao longo de toda a súa extensión ata chegar á zona de Marnela.

É unha das praias máis constantes de Europa, polo que é difícil encontrar un día sen ondas. A rompente resiste grandes mareiras, o cal fai deste lugar da Costa das Ondas o sitio perfecto para o surf en todo tipo de condicións, incluso os días máis grandes.

MACHACONA 3 DÍAS



Un dos trazos fundamentais da costa galega é a súa diversidade e, se buscas emocións fortes, esta é a túa onda.

Como ben indica o seu nome, A Machacona é un potente *s/ab* de dereita para os amantes das ondas grandes e perigosas. É mellor a media marea e con ondas a partir dun metro de altura para vela funcionar en todo o seu esplendor. É sen dúbida a onda de referencia da Mariña Lucense e unha das máis impresionantes do norte de España.

PEIZÁS 3 DÍAS



Está situada cerca de Foz, unha das zonas máis bonitas de Galicia e de maior valor turístico, con grandes praias de area branca e auga transparente.

Caracterízase polas súas ondas longas e aptas para manobras para todos os niveis. Destaca un pico de rocha e area de esquerda e dereita na zona máis occidental. Precisa bastante ondata para funcionar, polo que é un dos sitios máis frecuentados desta costa cando o mar está forte.

OLIÑAS 3 DÍAS



Un gran areal entre Ribadeo e Foz con picos múltiples de gran forza e inmensos tubos. É un dos lugares máis frecuentes para os surfistas expertos no inverno e a chegada de turistas no verán convértena nun emparazamento ideal para principiantes.

Nas súas proximidades encóntranse diferentes praias, facendo do seu conxunto unha das zonas máis representativas da Mariña Lucense.





¡BENVIDOS A GALICIA SURFING!

Galicia é a definición de eternas praias de area fina e augas limpas e cristalinas cunha maxia especial. Un territorio de idiosincrasia atlántica con tonalidades verdes mesturadas con fortes montañas, grandes vales, vilas de lenda, cidades cosmopolitas e comarcas cheas de encanto. Un escenario privilexiado para amantes do surf onde poderán gozar de boas ondas os 365 días do ano.

As diversas orientacións que brindan as rías, como accidentes xeográficos únicos no mundo, deixan ventos e mareas que se adaptan ás zonas de surf, polo que, en escasos quilómetros, as condicións resultan sempre favorables. Agárdanse ondas constantes para diferentes niveis de surf nos máis de 100 spots desta costa natural.

INTERPRETA AS NOSAS ONDAS

Desde a fronteira de Ribadeo con Asturias, ata a de Tui con Portugal, ofrecémosche o maior potencial de ondas de Europa en calquera estación do ano, sendo a Costa das Ondas (Ferrolterra) e a Costa da Morte lugares perfectos para as primaveras e veráns, e as Rías Baixas e a Mariña Lucense para os outonos e invernos.

Na Mariña Lucense, a zona máis ao norte de Galicia, encontrarás praias irrepitibles e picos de rocha bañados polo Cantábrico.


A Costa das Ondas é unha das zonas máis constantes de Europa e funciona con todo tipo de condicións, sendo unha aposta segura á hora de escoller un destino de surf.

Na Costa da Morte existen quilómetros de costa aínda por descubrir. É un territorio cunha interpretación particular da cultura do mar e do surf, e cun gran potencial para ondas XXL.


As Rías Baixas presentan multitude de opcións para grandes mareiras e surf urbano. As rías de Pontevedra e Vigo agochan grandes segredos, a costa comprendida entre Baiona e A Garda está chea de picos de rocha para os surfistas máis experimentados.

Sen dúbida, os trazos máis relevantes do territorio son a infinidade de ondas e a riqueza medioambiental das praias naturais tan características da costa de Galicia.

ESTAMOS AQUÍ



IMPRESINDIBLES DO SURF EN GALICIA
NON OS PODES PERDER!



PANTÍN CLASSIC GALICIA PRO

Trátase de moito máis ca unha cita obrigada para os surfistas amantes da alta competición. Forma parte do circuito QS da World Surf League e é o evento máis relevante do surf en España. Un campionato que non podes perder se estás en Galicia a finais de verán, no cal poderás gozar, ademais do mellor surf, de música en directo, gastronomía, moda e outras actividades que fan que a Praia de Pantín se converta, durante unha semana, nunha verdadeira "cidade" do surf.

Localización: Praia de Pantín - Valdovíño
Web: pantinclassic.org



OCEANO SURF MUSEO

É o único museo en España dedicado ao surf. Na súa exposición móstrase, ademais da historia do surf no mundo (cunha visión que nalgúns aspectos cuestiona a que se xeneralizou no sector), como foi a chegada deste deporte a España e a Galicia. Conta tamén cunha rica programación de actividades complementarias a colección permanente, como ciclos de cine, conferencias, xornadas de formación e tamén exposicións temporais doutras coleccións de táboas e fotografías, entre outras.

Localización: Casa da Cultura de Valdovíño.
Web: oceanosurfmuseo.org



CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SURF

Desde o ano 2011, os campións nacionais de surf corónanse na praia de Doniños. É o evento con maior número de surfistas participantes celebrado en España e, cada ano, nesta praia da Costa das Ondas disputáanse diferentes modalidades adscritas á Federación Española de Surfing. Se viaxas a principio de verán, esta é a oportunidade perfecta para rodearte dos mellores riders do país.

Localización: Praia de Doniños - Ferrol
Web: cesurfes



ONDALONGA SURFING DAY · LONGBOARD FESTIVAL

Un festival para surfear a onda máis longa de toda España. É un evento en que todo o mundo é benvido e un referente de diversión e surf, no cal o menos importante é a destreza sobre a ládoa. As súas especiais características fan que se estableza un período de espera de ata 4 meses para encontrar condicións idóneas para o festival. Non perdas a información que se vai amosando nas súas redes sociais para poder organizar a túa viaxe.

Localización: Praia de Pontepedrido - Bergondo
Facebook: @ondalongasurfingday